

III Curso de Tradución Médica – AGPTI 2019

Fernando A. Navarro

Introdución

Este curso (cunha parte teórica e unha parte práctica) supón unha excelente oportunidade para ampliar os coñecementos sobre a tradución médica inglés-español da man dunha autoridade neste campo: Fernando Navarro. O curso impartirase en español.

Programa e horario

Venres 27 de setembro

- 17:00 – 18:45 «A xerga dos médicos»
- 18:45 – 19:15 Descanso
- 19:15 – 21:00 Taller práctico: tradución EN>ES dun texto médico
- 21:30 – 23:30 Cea de confraternización (optativa)

Sábado 28 de setembro

- 10:00 – 11:45 Taller práctico: revisión dunha tradución médica EN>ES
- 11:45 – 12:15 Descanso
- 12:15 – 14:00 «A xerga dos pacientes»

Profesor

Fernando A. Navarro é médico de formación, especialista en farmacoloxía clínica. Entre 1993 e 2002 foi tradutor médico do cadro de persoal no Servizo de Idiomas dos Laboratorios Roche en Basilea (Suíza). Na actualidade é tradutor médico autónomo para grandes laboratorios farmacéuticos e organismos internacionais do sector biosanitario, e docente do «Máster en traducción médico-sanitaria» da UJI. É socio fundador da plataforma Cosnautas de recursos profesionais para a tradución médica; fundador e primeiro director da revista *Panace@*; socio de honra de Tremédica, de Asetrad, de IAPTI e de UniCo; académico correspondente e vogal da comisión de traducións da Academia Norteamericana de la Lengua Española (Nova York); e membro da xunta directiva da Asociación Española de Médicos Escritores. Autor do *Diccionario de dudas y dificultades de traducción del inglés médico* e director técnico do *Diccionario de términos médicos* da Real Academia Nacional de Medicina.

Lugar de celebración

[Facultade de Filoloxía](#) de Santiago de Compostela.

Preinscricións

As cotas de matrícula son 80 € para socios da AGPTI, o alumnado da USC e da UVIGO, 100 € para socios da Rede Vértice* e 135 € para non socios. Pregámosvos que **non** paguedes mentres que non vos confirmemos que estades admitidos/as. A confirmación realizarase unha vez rematado o prazo de preinscrición e comunicarse por correo electrónico tanto a admisión como os pasos que debedes dar para formalizar a matrícula.

Dado que o número de prazas é limitado, darase preferencia aos socios e socias da AGPTI. Polo demais, a admisión realizarase por estrita orde de chegada das solicitudes de preinscrición, criterio que rexerá tamén no caso de que algún/ha dos/das preinscritos/as non formalice a matrícula no prazo estipulado e haxa que recorrer á lista de agarda, se a houbese.

Para preinscribivros neste curso, enchede o formulario que atoparedes [aquí](#).

Prazo de preinscrición: desde hoxe ata o 16 de setembro.

* A Rede Vértice está formada polas seguintes asociacións: AATI, ACEC, ACEt, AGPTI, AICE, AIPTI, APTIC, APTIJ, ASATI, Asetrad, ATIJC, ATRAE, AVIC, EIZIE, Espaiic, FILSE, TREMÉDICA, UniCo e XARXA.